

**ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS CELEBRADA O
DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2016**

Na Sala de Reunións da Área de Fomento, no Concello de Vigo (2º andar), sendo as 10,00 horas do día 7 de novembro de 2016, reúnese en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo a Instrucción de Servizo do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 20.02.2015.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente.- D. Agustín Rodríguez Carballo – Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras que actúa por delegación de D. David Regades Fernández, concelleiro Delegado da Área de Fomento que se atopa ausente.

Vogal.- D. Francisco González Yebra-Pimentel – Técnico de Administración Xeral

Secretario.- Dª Elvira Casás Muras – Xefa de Negociado da Área de Fomento.

Asiste como público, D. Manuel Alonso Vasconcellos con DNI 36.162.266X en representación da Federación Galega de Construcción.

No anuncio publicado na páxina web municipal (perfil do contratante) se fixou a data de hoxe para a celebración do presente acto público, relativo á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentadaos polos interesados nos seguintes expedientes:

1º.- EXPEDIENTE 78604-250

Obxecto do contrato	Reforzo da capa de rodadura na Rúa Luis Seoane.
Orzamento máximo de licitación (IVE non incluído)	24.493,35 €

Se procede á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a proposición económica presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado (sen IVE):



Nº	LICITADOR	OFERTA
1	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	23.200,00 €
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	16.951,84 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI SLU	19.704,90 €
4	EXCANO, EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES DEL NOROESTE	21.113,26 €
5	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS SA, COVSA	16.704,46 €
6	CONSTRUCTORA EDISERPO SL	17.556,83 €
7	CONSTRUCCIONES VALE SL	20.990,80 €
8	NAROM SL	16.005,69 €
9	MONTAJES JM IGLESIAS SL	17.387,83 €
10	SERCOES, OBRA CIVIL SLU	17.152,69 €
11	ASFALGAL, TECNICA VIARIAS SL	18.561,06 €
12	MARCONSA, MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE	19.361,80 €

De acordo co previsto nas Instruccións citadas sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor, recollido no punto 13 do anuncio, procédese a calcular a media aritmética das ofertas admitidas (18.724,26 € IVE non incluído). Unha vez calculada a media aritmética se resta un 10% á mesma, resultando que aquelas ofertas que se atopen por debaixo dese umbral ou límite (que é de 16.851,84 € IVE non incluído) son excluídas.

Aplicando o sinalado no parágrafo anterior, se exclúen por conter valores anormais ou desproporcionados as ofertas correspondentes á mercantís que se citan a continuación:

- Construccións, Obras e Viais, S.A. COVSA.
- NAROM, S.L.

Resulta, polo tanto, que a **oferta económica máis ventaxosa** e que non se encontra incurso en valores anormais ou desproporcionados é a presentada pola mercantil **Nexia Infraestructuras, S.L.U.**

Vigo, 7 de novembro de 2016

O Secretario da Comisión.- Elvira Casás Muras

O Presidente da Comisión.- Agustín Rodríguez Carballo